Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 28/06/2019 01:41:41
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 494
28 de xuño de 2019

Fascículo 2

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Rexeitamento de emendas á totalidade**

**49936 (10/PL-000016)**
**Presidencia da Xunta de Galicia**
Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia 164967

### 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.5. Mocións
### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

**51582 (10/MOC-000151)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada (Moción consecuencia da Interpelación nº 48288, publicada no BOPG nº 455, do 03.04.2019, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019) 164967

**Rexeitamento da iniciativa**

**51558 (10/MOC-000149)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Solla Fernández, Eva e Villares Naveira, Luis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas e coa política de persoal da Consellería de Sanidade (Moción consecuencia da Interpelación nº 8786, publicada no BOPG nº 115, do 18.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019) 164968

**51562 (10/MOC-000150)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria (Moción consecuencia da Interpelación nº 43360, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019) 164968

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.3.6. Proposicións non de lei
## 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
## 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

### Aprobación sen modificacións

**46284 (10/PNP-003465)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**
Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, presentada no Congreso dos Deputados 164968

### Aprobación con modificacións

**36111 (10/PNP-002682)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis**
Sobre o fomento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, da constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda destinadas á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal 164969

**50311 (10/PNP-003812)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun procedemento para a valoración da calidade arquitectónica das edificacións afectadas polos artigos 24 e 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que queiran obter a excepcionalidade do cumprimento das condicións especiais xenéricas que lles son aplicables 164969

**50678 (10/PNP-003829)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Miranda Pena, Flora María e dous deputados/as máis**
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez 164970

### Rexeitamento da iniciativa

**47507 (10/PNP-003592)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Villoslada, Juan Manuel e sete deputados/as máis**
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, dunha proposta para a implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica 164970

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**49953 (10/PNP-003781)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos títulos expedidos pola Escola de Canteiros de Poio 164970

**50426 (10/PNP-003820)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos pregos de condicións para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e a elaboración dun novo plan de transporte público por estrada 164971

**50691 (10/PNP-003830)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**
Sobre o desenvolvemento e aplicación polo Goberno galego, de xeito real e efectivo, da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto 164971

## 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
## 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

### Aprobación con modificacións

**47944 (10/PNC-003878)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**
Sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia á Oficina Agraria Comarcal de Lugo do persoal necesario reflectido na relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural 164971

### Aprobación por unanimidade sen modificacións

**43167 (10/PNC-003476)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis**
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo, en relación coa venda fraudulenta de produtos agroalimentarios con referencias xeográficas non acreditadas por algún selo de calidade diferencial 164972

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### Rexeitamento da iniciativa

**46317 (10/PNC-003723)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental que está a xerar a xestión actual dos residuos gandeiros procedentes das granxas intensivas 164972

**48326 (10/PNC-003910)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co plan estratéxico de subvencións establecido na Lei 9/2007, así como os criterios seguidos para o establecemento de convenios cos concellos no ano 2018 164972

**50195 (10/PNC-004062)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**
Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia específica para dotar o rural galego das infraestruturas, equipamentos e servizos necesarios co fin de facilitarlles ás persoas a vida nel, atendendo especificamente a situación das mulleres 164973

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

**50122 - 50181 - 44460 (10/PRE-014381)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción**
Sobre os datos referidos á concesión das bolsas para estudos universitarios convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2015/2016 164979

**50121 - 50180 - 44461 (10/PRE-014382)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción**
Sobre os datos referidos á concesión das bolsas para estudos universitarios convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2016/2017 164984

**50120 - 50179 - 44462 (10/PRE-014383)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción**
Sobre os datos referidos á concesión das bolsas para estudos universitarios convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2017/2018 164989

**50178 - 47871 (10/PRE-014716)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as declaracións do presidente dun partido político referidas á proposta de blindaxe fiscal do aforro para favorecer, mediante a baixa de impostos, o emprendemento e a creación de riqueza por parte da sociedade 164994

**50182 - 48915 (10/PRE-014819)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Toja Suárez, María Dolores e Vilán Lorenzo, Patricia**
Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo por Augas de Galicia nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018 164996

**50177 - 49410 (10/PRE-014864)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**
Sobre a xestión levada a cabo pola Dirección da CRTVG en relación coa cobertura da nova referida á concesión do X Premio José Couso de Liberdade de Prensa á plataforma en defensa da radio e televisión públicas da comunidade autónoma Defende A Galega 165000

**50176 - 49851 (10/PRE-014928)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**
Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a licitación da retirada da parte non soterrada do emisario existente na ría de Viveiro, a presentación do proxecto técnico de ampliación da estación depuradora de augas residuais e a súa remisión ao Concello, así como a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría 165002

**51467 - 51600 - 34455 (10/PRE-011450)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción**
Sobre convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería do Medio Rural aos concellos de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín no ano 2017 165005

**51834 - 43287 (10/PRE-014276)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo referido á adquisición dos terreos da empresa Duchess, o cargadoiro de mineral de Rande, co fin de establecer no litoral de Rande unha base loxística e de reparación de contedores, así como da proposta do Concello de Redondela de recualificar eses terreos no novo PXOM 165010

**51833 - 43304 (10/PRE-014278)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias que tivo para as persoas usuarias a eliminación da gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal,

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

así como da posibilidade de volver a asumir durante a X lexislatura o custo íntegro do servizo de transporte adaptado 165012

**51832 - 43634 (10/PRE-014309)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre as accións realizadas e pendentes de realizar polo Goberno galego para solucionar os problemas económicos das confrarías ás que lles denegou as axudas convocadas a través da orde do 7 de setembro de 2018 e coas que pagaban persoal de vixilancia e asistencia técnica 165014

**51831 - 44597 (10/PRE-014408)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro *Sin Querer Dos* o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro 165017

**51836 - 45976 (10/PRE-014532)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Rodríguez Estévez, David e 2 máis**
Sobre o incumprimento do contrato asinado pola Xunta de Galicia coa empresa Babcock en materia de extinción de incendios 165019

**51829 - 46244 (10/PRE-014554)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores**
Sobre as previsións da Consellería do Mar referidas á realización dunha mostraxe aleatoria de existencia de ourizo do mar na Mariña lucense e, se é o caso, valorar a posibilidade de permitir a súa extracción mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie 165021

**51803 - 46303 (10/PRE-014559)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do Bono emprega automoción para o ano 2018, así como os datos ao respecto e as previsións para o futuro 165025

**51837 - 47880 (10/PRE-014718)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre a realización dunha auditoría e o cesamento dunha supervisora da Unidade de Coidados Intensivos do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo 165028

**51835 - 48588 (10/PRE-014788)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pierres López, María Luisa e 2 máis**
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa demanda de vivenda 165031

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**51599 - 49095 (10/PRE-014832)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre as razóns do Goberno galego para deixar sen executar, no exercicio de 2018, máis de cincuenta e catro millóns de euros destinados ás entidades locais, así como o prazo previsto para o seu financiamento por lei 165033

**51830 - 49745 (10/PRE-014905)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na ría de Vigo nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019 165035

**51828 - 49880 (10/PRE-014931)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego para o asinamento dun acordo que permita construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis, os prazos estimados e o investimento necesario para ese fin, así como as intencións do Sergas de mellorar a actual dotación de persoal para garantir a calidade asistencial no concello 165038

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

## 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

### 2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 26 de xuño de 2019, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 51919) 164977

Resolución da Presidencia, do 26 de xuño de 2019, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes (doc. núm. 51931) 164978

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

O Pleno do Parlamento, na sesión do 25 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

**Rexeitamento de emendas á totalidade**

- 49936 (10/PL-000016)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia
BOPG nº 479, do 22.05.2019

Sométese a votación a emenda á totalidade de devolución, e resulta rexeitada por 17 votos a favor, 40 en contra e 11 abstencións.

## 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.5. Mocións
### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 51582 (10/MOC-000151)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada (Moción consecuencia da Interpelación nº 48288, publicada no BOPG nº 455, do 03.04.2019, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019)
BOPG nº 489, do 19.06.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, sen modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 67 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Elaborar, durante a X lexislatura e en colaboración coa Fegamp, un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade en Galicia.

a) Dito documento conterá un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia.

b) Tendo en conta os resultados deste informe, e en colaboración coa Fegamp, o Goberno de España, e a participación do terceiro sector, elaborar de maneira urxente unha Estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia, que aborde de forma integral este fenómeno.»

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### Rexeitamento da iniciativa

- 51558 (10/MOC-000149)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas e coa política de persoal da Consellería de Sanidade (Moción consecuencia da Interpelación nº 8786, publicada no BOPG nº 115, do 18.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019)
BOPG nº 489, do 19.06.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 29 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 51562 (10/MOC-000150)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade viaria (Moción consecuencia da Interpelación nº 43360, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 11.06.2019)
BOPG nº 489, do 19.06.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 14 e 15: rexeitados por 17 votos a favor, 38 votos en contra e 12 abstencións.

Resto dos puntos: rexeitados por 29 votos a favor, 38 votos en contra en ningunha abstención.

### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

### Aprobación sen modificacións

- 46284 (10/PNP-003465)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, presentada no Congreso dos Deputados
BOPG nº 434, do 20.02.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por votos 40 a favor, 19 votos en contra e 13 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia manifesta o seu firme apoio á Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, rexistrada no Congreso dos Deputados o 31 de xaneiro.

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. O Parlamento de Galicia reclama das forzas políticas con representación parlamentaria que dean a súa aprobación a esta iniciativa normativa antiokupa, pioneira en España, por ser de interese xeral e necesaria para corrixir un grave problema social e de convivencia xerado por mor destas actividades ilegais contrarias ao dereito á propiedade e á seguridade das persoas e as cousas.»

**Aprobación con modificacións**

- 36111 (10/PNP-002682)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis
Sobre o fomento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, da constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda destinadas á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal
BOPG nº 354, do 12.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 59 votos a favor, ningún votos en contra e 13 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

A fomentar, en colaboración coa Fegamp, a constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de 20.000 habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axudas de que dispón a Xunta de Galicia para a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal.

A aumentar, en colaboración con todos os concellos de Galicia, o parque público de vivenda en alugueiro social facendo uso de todas as liñas de axudas ao investimento destinadas a vivenda de promoción pública, tanto para nova creación como para rehabilitación de vivenda de titularidade municipal, así como posta a disposición de vivendas por parte de particulares a través dos programas pertinentes.»

- 50311 (10/PNP-003812)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun procedemento para a valoración da calidade arquitectónica das edificacións afectadas polos artigos 24 e 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que queiran obter a excepcionalidade do cumprimento das condicións especiais xenéricas que lles son aplicables
BOPG nº 483, do 05.06.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa, a través da Fegamp, a todos os concellos de Galicia co fin de facilitar, a través dos mecanismos que estimen oportunos, a apli-

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cación efectiva do contido dos artigos 24.7a e 39c da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente ás propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica en canto ao cumprimento das condicións de edificación.»

- 50678 (10/PNP-003829)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e dous deputados/as máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez
BOPG nº 486, do 12.06.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: aprobado pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Resto dos puntos: rexeitados por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento Galego acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración, conforme a normativa vixente e as directrices existentes a respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.»

## Rexeitamento da iniciativa

- 47507 (10/PNP-003592)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e sete deputados/as máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, dunha proposta para a implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica
BOPG nº 446, do 21.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 49953 (10/PNP-003781)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos títulos expedidos pola Escola de Canteiros de Poio
BOPG nº 479, do 22.05.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50426 (10/PNP-003820)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos pregos de condicións para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e a elaboración dun novo plan de transporte público por estrada
BOPG nº 486, do 12.06.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 50691 (10/PNP-003830)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis
Sobre o desenvolvemento e aplicación polo Goberno galego, de xeito real e efectivo, da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
BOPG nº 486, do 12.06.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 27 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

### Aprobación con modificacións

- 47944 (10/PNC-003878)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia á Oficina Agraria Comarcal de Lugo do persoal necesario reflectido na relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural
BOPG nº 450, do 27.03.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Levar a cabo unha análise completa da situación actual das Oficinas Agrarias Comarcais existentes en Galicia no presente ano 2019.

2. Antes de rematar a lexislatura, realizar unha planificación das Oficinas Agrarias Comarcais consecuente coa realidade da actividade agrogandeira galega, garantindo que as oficinas agrarias comarcais manteñan as súas funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores das zonas correspondentes, dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.»

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 43167 (10/PNC-003476)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo, en relación coa venda fraudulenta de produtos agroalimentarios con referencias xeográficas non acreditadas por algún selo de calidade diferencial
BOPG nº 418, do 24.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. A que solicite ao Ministerio o aumento dos controis sobre a venda fraudulenta de produtos agroalimentarios con referencias xeográficas non acreditadas por algún selo de calidade diferencial.

2. A que dentro da área de promoción da calidade impulse os mecanismos adecuados de control para a protección e comercialización dos produtos agroalimentarios galegos con selos de calidade diferenciada.»

**Rexeitamento da iniciativa**

- 46317 (10/PNC-003723)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental que está a xerar a xestión actual dos residuos gandeiros procedentes das granxas intensivas
BOPG nº 434, do 20.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 48326 (10/PNC-003910)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co plan estratéxico de subvencións establecido na Lei 9/2007, así como os criterios seguidos para o establecemento de convenios cos concellos no ano 2018
BOPG nº 458, do 09.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 50195 (10/PNC-004062)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia específica para dotar o rural galego das infraestruturas, equipamentos e servizos necesarios co fin de facilitarlles ás persoas a vida nel, atendendo especificamente a situación das mulleres
BOPG nº 483, do 05.06.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 4 de xuño de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

**Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación**

- 50122 - 50181 - 44460 (10/PRE-014381)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción
Sobre os datos referidos á concesión das bolsas para estudos universitarios convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2015/2016

Corrección de erros á resposta formulada no doc. núm. 50181.

- 50121 - 50180 - 44461 (10/PRE-014382)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción
Sobre os datos referidos á concesión das bolsas para estudos universitarios convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2016/2017

Corrección de erros á resposta formulada no doc. núm. 50180.

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50120 - 50179 - 44462 (10/PRE-014383)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción
Sobre os datos referidos á concesión das bolsas para estudos universitarios convocadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2017/2018

Corrección de erros á resposta formulada no doc. núm. 50179.

- 50178 - 47871 (10/PRE-014716)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as declaracións do presidente dun partido político referidas á proposta de blindaxe fiscal do aforro para favorecer, mediante a baixa de impostos, o emprendemento e a creación de riqueza por parte da sociedade

- 50182 - 48915 (10/PRE-014819)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre os datos referidos aos investimentos levados a cabo por Augas de Galicia nos concellos de Boiro, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018

- 50177 - 49410 (10/PRE-014864)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a xestión levada a cabo pola Dirección da CRTVG en relación coa cobertura da nova referida á concesión do X Premio José Couso de Liberdade de Prensa á plataforma en defensa da radio e televisión públicas da comunidade autónoma Defende A Galega

- 50176 - 49851 (10/PRE-014928)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a licitación da retirada da parte non soterrada do emisario existente na ría de Viveiro, a presentación do proxecto técnico de ampliación da estación depuradora de augas residuais e a súa remisión ao Concello, así como a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 24 de xuño de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

**Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

- 51467 - 51600 - 34455 (10/PRE-011450)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción
Sobre convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería do Medio Rural aos concellos de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín no ano 2017

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 51600.

- 51834 - 43287 (10/PRE-014276)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo referido á adquisición dos terreos da empresa Duchess, o cargadoiro de mineral de Rande, co fin de establecer no litoral de Rande unha base loxística e de reparación de contedores, así como da proposta do Concello de Redondela de recualificar eses terreos no novo PXOM

- 51833 - 43304 (10/PRE-014278)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias que tivo para as persoas usuarias a eliminación da gratuidade e universalidade do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, así como da posibilidade de volver a asumir durante a X lexislatura o custo íntegro do servizo de transporte adaptado

- 51832 - 43634 (10/PRE-014309)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as accións realizadas e pendentes de realizar polo Goberno galego para solucionar os problemas económicos das confrarías ás que lles denegou as axudas convocadas a través da orde do 7 de setembro de 2018 e coas que pagaban persoal de vixilancia e asistencia técnica

- 51831 - 44597 (10/PRE-014408)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro *Sin Querer Dos* o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro

- 51836 - 45976 (10/PRE-014532)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o incumprimento do contrato asinado pola Xunta de Galicia coa empresa Babcock en materia de extinción de incendios

- 51829 - 46244 (10/PRE-014554)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as previsións da Consellería do Mar referidas á realización dunha mostraxe aleatoria de existencia de ourizo do mar na Mariña lucense e, se é o caso, valorar a posibilidade de permitir a súa extracción mediante mergullo con subministración de aire desde a superficie

- 51803 - 46303 (10/PRE-014559)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do Bono emprega automoción para o ano 2018, así como os datos ao respecto e as previsións para o futuro

- 51837 - 47880 (10/PRE-014718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a realización dunha auditoría e o cesamento dunha supervisora da Unidade de Coidados Intensivos do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

- 51835 - 48588 (10/PRE-014788)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa demanda de vivenda

- 51599 - 49095 (10/PRE-014832)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as razóns do Goberno galego para deixar sen executar, no exercicio de 2018, máis de cincuenta e catro millóns de euros destinados ás entidades locais, así como o prazo previsto para o seu financiamento por lei

- 51830 - 49745 (10/PRE-014905)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na ría de Vigo nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

- 51828 - 49880 (10/PRE-014931)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego para o asinamento dun acordo que permita construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis, os prazos estimados e o

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

investimento necesario para ese fin, así como as intencións do Sergas de mellorar a actual dotación de persoal para garantir a calidade asistencial no concello

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

## 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

### 2.2.5. Composición das comisións

**Resolución da Presidencia, do 26 de xuño de 2019, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 51919)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 51919, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento nos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:

— Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Baixa: D. Antonio Mouriño Villar

Alta: D. José Manuel Rey Varela
Alta: Dª Beatriz Mato Otero

— Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Baixa: Dª Marta Nóvoa Iglesias
Alta: D. Antonio Mouriño Villar

— Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Baixa: Dª Sandra Vázquez Domínguez
Alta: Dª Jackeline Elizabeth Fernández Macías

CSV: BOPGDSPGJyAKNGvpv1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Baixa: D. Jacobo Moreira Ferro
Alta: Dª Jackeline Elizabeth Fernández Macías

— Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus exdirectivos

Baixa: D. José González Vázquez
Alta: Dª Jackeline Elizabeth Fernández Macías

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Resolución da Presidencia, do 26 de xuño de 2019, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes (doc. núm. 51931)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 51931, o escrito do portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación Gandaría e Montes

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento do seguinte cambio na representación do G. P. dos Socialistas de Galicia na seguinte comisión parlamentaria:

— Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Alta: Dª Patricia Otero Rodríguez

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

